

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A  
ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN  
PUBLICIDADE, DA OBRA “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE  
CAMIÑOS DE ACCESO A FINCAS EN A REBOLEIRA, MONSEIRO,  
OLEIROS E LAMA, QUINTELA E VILALESO”**

**1. Obxecto e cualificación do contrato.**

O contrato ten por obxecto a execución do proxecto denominado, “**Mellora e acondicionamento de camiños de acceso a fincas en A Reboleira, Monseiro, Oleiros e Lama, Quintela e Vilaesle**”, segundo proxecto técnico redactado por Don Marcos Vázquez Marey, documentos a que fai referencia o art. 123 do Real Decreto lex. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público. Os documentos que compoñen o proxecto considéranse que forman parte integrante do prego, tendo carácter contractual. No caso de contradición entre o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas prevalecerá o primeiro.

Codificación CPV: 45233141-9. Traballos de mantemento de estradas

As obras que comprende o devandito proxecto teñen por obxecto o mantemento e mellora dos camiños municipais de accesos ás explotacións agrarias no concello de Láncara. Todas as pistas atópanse en mal estado debido fundamentalmente ao tráfico e á climatoloxía adversa. Presentan unha capa de rodaxe degradada ou inadecuada con irregularidades e fochas e defectos de drenaxe

O contrato goza da consideración de contrato administrativo de obra (artigos 5 e 6, 171 e Capítulo V - Título II do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

**2. Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato administrativo.**

Mediante a execución do contrato a que se refire este prego satisfaise a necesidade de infraestruturas de servizos básicos na rede viaria municipal.

Con estas actuacións o que se pretende é mellorar a accesibilidade das explotacións agrarias existentes no concello e polo tanto facilitar as condicións de vida dos veciños así como favorecer a actividade agrícola, gandeira e forestal e a economía en xeral.

Esta actuación atópase incluída no Plan Marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado con FEADER ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020, en virtude da Resolución de Agader, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dependente da Consellería do Medio Rural e do Mar, de data 2 de xuño de dous mil dezaseis.

### **3.- Procedemento de selección e adxudicación.**

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local do concello de Láncara no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do Proxecto Técnico que servirá de base para a realización das obras así como da adxudicación do contrato.

O devandito órgano ten a facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo da súa impugnación ante a Xurisdición competente.

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade; xa que o contrato atópase incluído no suposto previsto no artigo 177.2 e 171 d) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, conforme aos termos e requisitos establecidos na mesma.

As ofertas solicitaranse a, polo menos, tres empresas, sempre que fose posible, capacitadas para a realización do obxecto do contrato.

A solicitude de ofertas realizarase mediante invitación por correo ou a través de correo electrónico.

### **4. Perfil do contratante.**

O acceso ao perfil de contratante do órgano de contratación efectuarase a través da páxina web do concello de Láncara.

### **5. Importe do contrato.**

O importe do orzamento de execución por contrata desta obra ascende a cento cinco mil quiñentos oitenta e cinco euros con sesenta e nove céntimos, (105.585,69 euros), dos que oitenta e sete mil dous centos sesenta euros con noventa céntimos (87.260,90 euros) se corresponden co valor estimado do contrato e dezoito mil trescentos vinte e catro euros con setenta e nove céntimos se corresponden co IVE (18.324,79 euros de IVE)

Segundo a Resolución de AGADER de data dous de xuño de dous mil dezaseis, o seu financiamento é o que segue.

Importe da axuda: 87.260,90 €

Distribución por fondos:

.- FEADER: 65.453,25 €

.- MARM: 6.545,33 €

.- AGADER: 15.272,43 €

O resto do orzamento ata alcanzar o orzamento de execución por contrata, 105.585,69 €, e que son 18.324,79 €, e que se

corresponden co IVE deberán ser financiados polo concello con fondos propios.

Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación orzamentaria 454.619.08 do orzamento do exercicio 2016.

Entenderase que as ofertas dos licitadores comprenden o importe do Imposto sobre o Valor Engadido, de acordo coa súa normativa reguladora ou do Imposto que pola realización da actividade puidera corresponder.

Non están incluídos no prezo de licitación os gastos de redacción de proxecto nin os de dirección de obra.

#### **6. Prazo de execución.**

O prazo de execución da obra é de DOUS MESES, e en calquera caso, **antes do quince de setembro de dous mil dezaseis.**

#### **7. Acreditación de aptitude para contratar. (artigos 54, 56, 57, 58, 64, 146 TRLCSP e arts 9 e 10 do RG).**

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións de contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica. A súa finalidade ou actividade deberá ter relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais dabondo para a debida execución do contrato.

Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que tiveron participado na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que a devandita participación poida provocar restricións á libre concorrência ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras, (art. 56.1 TRLCSP).

##### **a. Documento acreditativo da capacidade de obrar:**

- Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

- Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso no correspondente Rexistro Oficial.

Fotocopia da tarxeta de código de identificación fiscal (CIF), debidamente compulsada.

- Empresas comunitarias: A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos

que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

- Empresas non comunitarias: A capacidade de obrar acreditarase mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

***Documentos acreditativos da representación.***

Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, bastantado pola Secretaría do concello de Lán cara. A achega da mera dilixencia de verificación do documento de apoderamento poderá suplir a achega deste, (art. 35.f da LRJAP-PAC). Xuntarase unha copia auténtica do Documento Nacional de Identidade do/os apoderados.

***\* Unións temporais de empresas.***

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP.

***b. Documentación que acredite a clasificación da empresa, no seu caso, ou xustifiquen os requisitos da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.***

Se a empresa se atopase pendente de clasificación, deberá aportar o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para iso, debendo xustificar que está en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento desta lei para a subsanación de defectos ou omisións na documentación.

***c. Documento acreditativo de non estar incurso na prohibición de contratar.***

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146 e 60 do TRLCSP. Esta declaración poderá aportarse mediante testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable do licitador outorgada ante autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público.

Esta declaración responsable comprenderá expresamente a manifestación de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma, incluído co Concello de Lán cara e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración faranse constar así mesmo que o licitador está dado de alta no IAE no epígrafe correspondente

ao obxecto do contrato non causando baixa neste, salvo nos supostos do artigo 82.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais. Non obstante os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

***d. No seu caso, unha dirección de enderezo electrónico no que efectuar as notificacións.***

Cando a acreditación das circunstancias mencionadas nas letras a) e b), se faga mediante a certificación dun Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas prevista no apartado 2 do artigo 83, ou mediante a certificación comunitaria de clasificación consonte ao sinalado no artigo 84, deberá acompañarse unha declaración responsable do licitador no que manifieste que as circunstancias reflectidas na correspondente certificación **non teñen experimentado variación**. Esta manifestación deberá reiterarse, no caso de resultar adxudicatario, no documento no que se formalice o contrato, sen prexuízo de que o órgano de contratación poida, se o estima convinte, efectuar unha consulta ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas.

A certificación do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas poderá ser expedida electronicamente, agás que se estableza outra cousa nos pregos. A incorporación da certificación ao procedemento poderá efectuarse de oficio polo órgano de contratación ou por aquel ao que corresponda o exame das proposicións, solicitándoo directamente ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, sen prexuízo de que os licitadores deban presentar en todo caso a declaración responsable indicada no parágrafo anterior.

Así mesmo e de conformidade co disposto no artigo 146, parágrafo 4º, a documentación establecida no artigo 146, parágrafo 1º, letras a), b), c) e d), (nestes pregos, cláusula 7ª, letras a), b), c), d)), poderá **substituírse por unha declaración responsable do licitador** indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. Neste caso, o licitador no que recaía a proposta de adxudicación deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos.

En todo caso o órgano de contratación, en orde a garantir o bo

---

**Concello de Lánacara**

fin do procedemento, poderá recabar en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

***e. Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica.***

No caso de que non sexa esixible a clasificación para a obra, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica:

A) Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo ou subgrupo que en función do obxecto do contrato corresponda, coa categoría de clasificación que polo ser valor anual medio corresponda, acreditará a súa solvencia económica e financeira e a súa solvencia técnica para contratar.

Ou no caso de que a empresa non estea clasificada deberá acreditar a solvencia:

**ECONÓMICA E FINANCEIRA**, mediante a xustificación do volumen anual de negocios no ámbito ao que se refire o contrato. O volumen anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito no devandito Rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volumen anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

**SOLVENCIA TÉCNICA**, mediante a relación das obras do mesmo tipo ou natureza executadas no curso dos últimos dez anos, acompañada de certificacións de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo.

**APRECIACIÓN DA SOLVENCIA:**

- **SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA:** Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira se o volumen anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volumen de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser polo menos igual ou maior que o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano.

Cando aporte xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais, por importe igual ou superior ao esixido na invitación para participar no procedemento.

En todo caso a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas da administracións públicas, acreditará esta solvencia, salvo proba en contrario.

- **SOLVENCIA TÉCNICA:**

- presentación da súa clasificación no grupo e subgrupo que lle corresponda.
- relación das obras executadas no curso dos últimos cinco anos, acompañada no caso de obras mais importantes dos certificados de boa execución, que indicarán o importe, as datas e lugar de execución das obras e precisará se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron correctamente a bo termo.
- declaración indicativa dos técnicos ou unidades técnicas das que se dispón para executar as obras, estean integradas ou non na empresa e con especial atención aos encargados de control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.
- títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa, en especial dos responsables das obras.
- medidas de xestión medioambiental que o empresario pode aplicar, de ser o caso, ao executar o contrato.
- declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e importancia do persoal directivo ao longo dos últimos tres anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.
- declaración indicativa da maquinaria, materiais, equipo técnico dos que se disporá para a execución da obras, axuntando a documentación acreditativa correspondente.
- A non idoneidade ou a non xustificación dos medios persoais e materiais propostos, terá carácter excluínte.
- incumprimento deste compromiso de adscrición considerárase incumprimento de obriga esencial para os efectos dispostos no art. 223 do R.D. Lex 3/2011. Non obstante, o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos establecidos no presente prego.

**f. Protección de datos:**

Ademais deberá prestar o seu consentemento para que os datos facilitados sexan incorporados aos ficheiros de titularidade municipal, que deberá usar os datos para a xestión municipal e a súa cesión a outras administracións ou órganos xudiciais, de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal.

**8. Domicilio.**

Todos os licitadores deberán sinalar un domicilio para a práctica de notificacións. Esta circunstancia deberá ser complementada indicando unha dirección de correo electrónico e un número de teléfono e fax.

**9. Clasificación do contratista.**

Dada a contía do presente contrato e de conformidade co previsto no artigo 25.1 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de

ño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aínda en vigor tal e como establece a disposición transitoria cuarta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, así como segundo o disposto no artigo 11 do RG, para contratar non é preciso clasificación.

Non obstante, de acordo co artigo 74 do TRLCSP, parágrafo 2º, a clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo que aqueles para os que se obtivese e para a celebración dos cales non se esixa estar en posesión dela.

### **10. Presentación de proposicións.**

As ofertas presentaranse no rexistro xeral do Concello de Lán cara durante o prazo de 15 días contados a partir da recepción da invitación, en horario de luns a venres de 9 a 14:30 horas. Se o último día for sábado ou festivo, o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte.

As proposicións poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En tal caso, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día.

Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a documentación se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado na invitación a participar.

Transcorridos, non obstante, dez días á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso. Cada empresario non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A contravención destas prohibicións dará lugar á inadmisión de todas as proposicións por el subscritas.

A presentación da oferta, que deberá ser redactada segundo o modelo anexo ao presente prego, presupón que o interesado acepta de modo incondicional as cláusulas do presente prego.

Os interesados terán que presentar as súas ofertas referidas á totalidade das obras obxecto do contrato.

Cada interesado poderá presentar só unha oferta en relación co obxecto do contrato, sen que se poidan presentar variantes ou alternativas. (*art. 145.3 TRLCSP*).

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición



adicional décimo sexta do TRLCSP.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta *sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do TRLCSP*. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

As ofertas para participar na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Oferta para negociar a contratación das obras **“MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE ACCESO A FINCAS EN A REBOLEIRA, MONSEIRO, OLEIROS E LAMA, QUINTELA E VILA LEO”**»

A denominación dos sobres é a seguinte:

- **Sobre «A»:** Documentación administrativa.
- **Sobre «B»:** Oferta económica e documentación.

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias verificadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos,:

**SOBRE «A»**

**a) Declaración Responsable do licitador** indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

**«MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para o caso de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores)**

D. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_, n.º \_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, en representación da Entidade \_\_\_\_\_, con CIF n.º \_\_\_\_\_, a efectos da súa participación na licitación do contrato das obras de..... **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

**PRIMEIRO.-** Que se dispón a participar na contratación das obras de **“MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE ACCESO A FINCAS EN A REBOLEIRA, MONSEIRO, OLEIROS E LAMA, QUINTELA E VILA LEO”**

**SEGUNDO.-** Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato das obras, en concreto:

— Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.

— Que está debidamente clasificada a empresa ou, se é o caso, que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

— Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias (coa Administración do Estado, coa Administración Autonómica de Galicia, co Concello de Lán cara, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso) e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

— Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

— Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é \_\_\_\_\_

**TERCEIRO.-** Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016.

Sinatura do declarante,

Asdo.: \_\_\_\_\_»

**«MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL.**

D. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_, n.º \_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, en representación da Entidade \_\_\_\_\_, con CIF n.º \_\_\_\_\_, inscrita no Rexistro de Licitadores de \_\_\_\_\_ (indicar o Rexistro), co n.º \_\_\_\_\_, a efectos da súa participación na licitación do contrato das obras de **“MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE ACCESO A FINCAS EN A REBOLEIRA, MONSEIRO, OLEIROS E LAMA, QUINTELA E VILALEO”**

---

**Concello de Lán cara**

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

**PRIMEIRO.-** Que as circunstancias e datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores -----(indicar o Rexistro), **non** experimentaron variación en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

**SEGUNDO.-** Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

- 1.....
- 2.....
- 3.....

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data....., manténdose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro.

**TERCEIRO.-** Que a empresa que represento atópase ao corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lán cara.

**CUARTO.-** Asimesmo autorizo ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

E para que conste, asino a presente declaración.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2016.

Sinatura do declarante,

Asdo.: \_\_\_\_\_”

Nota: As opcións 1º e 2º son incompatibles entre sí, sinale soamente a que corresponda.

***Nota: No caso de que as circunstancias das letras a), b) do apartado 1 do artigo 146 do TRLCSP se acrediten coa certificación de inscrición rexistral no Rexistro Oficial de Licitadores, dacordo co modelo anterior, deberá presentarse o Modelo de Declaración responsable anteriormente transcrito, sen que conteña a referencia ao apartado de “Que está debidamente clasificada a empresa ou, se é o caso, que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional”, permanecendo o resto dos apartados igualmente redactados.***

***Nota: Así mesmo e de conformidade co parágrafo X da Resolución do 25 de xaneiro de 2016, pola que se aproba o***

---

**Concello de Lán cara**

**Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020, as empresas deberán incluír no "SOBRE A", unha declaración das empresas coas que teñan vinculación nos termos previstos no TRLCSP.**

**SOBRE «B»**

**OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN**

**a) Oferta económica.**

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

«D. \_\_\_\_\_, con domicilio para os efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_, núm. \_\_, con DNI \_\_\_\_\_, en representación da entidade \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_, xa que recibín unha invitación para a presentación dunha oferta e xa que estou informado das condicións e requisitos esixidos para a adxudicación, por procedemento negociado sen publicidade, do contrato de obras de "**MELLORA E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS DE ACCESO A FINCAS EN A REBOLEIRA, MONSEIRO, OLEIROS E LAMA, QUINTELA E VILA LEO**", fago constar que coñezo o prego que serve de base ao contrato e que o acepto integramente, e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato nas seguintes condicións:

- Que ofrezco realizar as seguintes melloras:

\_\_\_\_\_  
- Prazo de garantía das obras (a maiores do ano esixido):

- Prezo sen IVE : \_\_\_\_\_ euros.

- Imposto sobre o valor engadido (IVE): \_\_\_\_\_ euros.

\_\_\_\_\_, \_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura do candidato

Asdo.: \_\_\_\_\_.»

**11. Garantías esixibles.**

*Provisional:* Non se esixe.

*Definitiva:* O adxudicatario proposto estará obrigado a constituir, a disposición do órgano de contratación, unha garantía definitiva do 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.

A constitución desta garantía deberá efectuarse polo adxudicatario no prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte a aquél en que se lle notifique a proposta de adxudicación. En todo caso, a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 100 do TRLCSP.

Se a garantía se constitúe en Aval ou Seguro de Caución, incorporárase o documento no que se formule ou fotocopia notarial.

Se se constitúe en metálico ou valores, deberá depositarse na Caixa de Depósitos do concello, ou nos establecementos públicos equivalentes, debendo aportar o resgardo acreditativo.

## **12. Aspectos obxecto de negociación coa empresa.**

Para a valoración das ofertas e a determinación da que sexa economicamente máis vantaxosa atenderase aos seguintes aspectos de negociación:

### **12.1.- Melloras incluídas no anexo I a este Prego:, ata 20 puntos**

Mellora primeira: 5 puntos

Melloras primeira e segunda: 10 puntos.

Melloras primeira, segunda e terceira: 15 puntos

Melloras primeira, segunda, terceira e cuarta: 20 puntos

**12.2.- Prezo do contrato, ata 10 puntos:** As ofertas presentadas valoráranse obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática, é dicir, outórgaselle a maior puntuación á empresa que mellor oferta realice, e aos restantes en proporción a ésta, por regra matemática de tres.

**12.3.- Prazo de garantía, cunha puntuación de ata 3 puntos** correspondendo 1 PUNTO por cada ANO que se engada ao período mínimo de garantía fixado nos presentes pregos.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola administración, en resolución motivada.

A administración terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición máis vantaxosa, mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, sen atender necesariamente ao seu valor económico, ou declarar deserta a licitación, motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

## **13. Apertura e exame de proposicións.**

Para a cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas, de conformidade co que se establece no artigo 320.1 do texto refundido non é necesaria a constitución da Mesa de contratación.

Concluído o prazo de presentación de ofertas, o señor alcalde

asistido da secretaría examinará a documentación administrativa, "Sobre A".

Se se observasen defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicárase aos interesados a través do enderezo electrónico sinalado polos licitadores ou vía fax ao enderezo para os efectos de notificación sinalado polos licitadores, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores a corrixan ou emenden.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

Unha vez emendados, se é o caso, os defectos ou omisións da documentación presentada declararanse os licitadores admitidos á licitación facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

Procederáse despois á apertura e exame do sobre «B»; nese momento poderanse solicitar os informes técnicos que se consideren precisos.

Realizadas estas actuacións, abrírase, a fase de negociación coas empresas e concluída esta procederáse á adxudicación polo órgano de contratación, valorando as ofertas resultantes da negociación.

#### **14. Negociación dos termos do contrato.**

Realizadas as anteditas actuacións, abrírase, a fase de negociación coas empresas. Os aspectos económicos e técnicos que van ser obxecto de negociación son os indicados na cláusula décima do presente prego.

A negociación farase a unha soa volta, comunicando o Sr. Alcalde, a través do enderezo electrónico aos licitadores as ofertas presentadas, sen expresar de que licitador son, garantindo en todo momento a confidencialidade das ofertas, e concedéndolle un prazo de dous días hábiles para que, no seu caso, melloren a súa primeira oferta e velando porque todos os interesados reciban igual trato, e en particular, non facilitando de forma discriminatoria, información que poida dar vantaxes a determinados interesados con respecto ao resto.

Para o caso de ofertas idénticas, solicitarase aos participantes cuxas propostas coincidan a que formulen por escrito nova proposta.

De todo o actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

Concluída a negociación, darase conta de todo o actuado ao órgano de contratación.

O órgano de contratación, estudadas as ofertas, requiriralle ao licitador que presente a máis vantaxosa que, dentro do prazo de dez días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1

do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, e de ter constituído a garantía definitiva.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

### **15. Prerrogativas da Administración.**

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos

desta.

### **16. Adxudicación do contrato.**

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adxudicación, que deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou ao candidato descartado interpoñer un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

### **17. Formalización do contrato.**

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes contados desde a data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

### **18. Subcontratación.**

O contratista non poderá subcontratar a execución da obra.

### **19. Dereitos e obrigas do adxudicatario.**

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son dereitos específicos do contratista as seguintes:

A) Aboamentos ao contratista. O contratista ten dereito ao aboamento da obra executada, nos termos establecidos no artigo 216 e Disposición Transitoria Sexta do TRLCSP.

A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinale o director de obra. A obra certificada valorarase conforme aos prezos do proxecto técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional e quedarán suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final; isto non supoñerá, polo tanto, nin a aprobación nin a recepción das obras que comprendan.

O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para consideralo inconveniente.

Poderanse verificar aboamentos á conta, logo da petición escrita do contratista por aprovisionamento de materiais, instalacións e equipamentos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para tal efecto, determinan o artigo 232 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e artigos 155 a 157 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

### **B) Obrigas do contratista.**

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

— Obrigas laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro).

— Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa custa as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona coma nos seus lindeiros e inmediacións.



— O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de seguridade e saúde no traballo.

— Gastos esixibles ao contratista. Correrán pola conta do contratista os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de adxudicación, ata o límite máximo de 200,00 euros, da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, na forma e contía que estas sinalen. En caso de que o esixa algunha das administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa custa letreiros de identificación da obra, coas características que se establezan.

**Así, na data na que comecen os traballos, e de conformidade co parágrafo XI da Resolución do 25 de xaneiro de 2016 pola que se aproba o Plan marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado con Feader ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020, colocarse polo contratista adxudicatario un panel de obra con información acerca da devandita actuación, que deberá permanecer, cando menos, ata o pagamento final da axuda. Será responsable o contratista de que o cartel permaneza instalado en perfectas condicións.**

**O 25% do espazo, como mínimo, do panel estará ocupado pola descrición do proxecto, o emblema da Unión, o logotipo Feader e o lema “ Feader: Europa inviste no rural”.**

**Dende o concello facilitarase o modelo.**

**Así mesmo o contratista queda obrigado a realizar un informe gráfico de seguimento de execución das obras como sinala o epígrafe VIII, da Resolución do 25 de xaneiro de 2016.**

O contratista quedará obrigado a instalar á súa costa os sinais indicativos de obras, perigo, precaución, desviación, etc,... de conformidade co previsto no Código da Circulación e normativa de prevención de riscos laborais, e deberá adoptar todas as precaucións precisas desde o comezo das obras ata a súa total terminación, sendo responsable dos accidentes motivados polo incumprimento desta cláusula.

## **20. Facturas.**

Conforme o establecido na disposición adicional trixésimo terceira do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo, en tempo e forma, no prazo de trinta días dende a data de emisión da certificación de obra.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no artigo 72 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas, os aspectos previstos no punto segundo

da disposición adicional trixésimo terceira do TRLCSP, polo que faise constar:

- a) Que o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.
- b) Que o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é Secretaría-Intervención.
- c) Que o destinatario é o Concello de Lán cara.

De conformidade co disposto na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación de rexistro de facturas no sector público, a partir do 15 de xaneiro de 2015 deberán emitirse as facturas superiores a 5.000 mil euros en formato Facturae 3.2, e remitirse a través de punto electrónico de entrada de facturas, en concreto a través do FACe-Punto General de Facturas Electrónicas de la Administración del Estado.

### **21. Plan de seguridade e saúde no traballo.**

Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario elaborará un Plan de seguridade e saúde no traballo da obra, axustado ao estudo básico de seguridade e saúde do proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

No devandito plan incluíranse, de ser o caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o contratista propoña, coa correspondente xustificación técnica, que non poderán supoñer unha diminución do nivel de protección previsto no estudo.

O Plan será aprobado polo concello antes do inicio da obra, logo do informe do coordinador en materia de seguridade e saúde ou da dirección facultativa da obra, se non fose preceptivo designar un coordinador, e comunicarse á autoridade laboral.

### **22. Execución do contrato.**

A execución do contrato de obras comezará co acto de comprobación da reformulación, o cal realizarase no prazo máximo de un (1) mes dende a data da formalización do contrato.

A comprobación do trazado das obras efectuarase polo servizo da Administración encargada das obras, en presenza do contratista, estendéndose acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste lle dese ao contratista o director facultativo das obras, nos ámbitos da súa competencia.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización deste, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración

### **23. Revisión de prezos.**

Dada a duración do contrato, non ten revisión de prezos.

### **24. Recepción e liquidación. Prazo de garantía.**

Á recepción e liquidación das obras, no momento da súa terminación, concorrerá o responsable do contrato, se houberse un nomeado, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se se considera oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que lle será aboada ao contratista á conta da liquidación do contrato.

Se se encontran as obras en bo estado e de acordo coas prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta daralas por recibidas, redactarase a correspondente acta e comezará entón o prazo de garantía.

Cando as obras non estean en estado de seren recibidas, farase constar así na acta e o director delas sinalará os defectos observados, detallará as instrucións precisas e fixará un prazo para remediar aqueles. Se, transcorrido o devandito prazo, o contratista non o efectuou, poderáselle conceder outro novo prazo improrrogable ou poderase declarar resolto o contrato.

Establécese un prazo de garantía de un (1) ano contado desde a data de recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou por instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará liberado de toda responsabilidade, salvo da responsabilidade por vicios ocultos, e procederase á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, se é o caso, ao pagamento das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. Se o informe non for favorable e os defectos observados se deberen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a lle dital as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído e concederlle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade ningunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo

de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, este responderá dos danos e perdas que se manifesten durante o prazo de quince anos contados desde a recepción.

#### **25. Modificación do contrato.**

Só poderán introducirse modificacións por razóns de interese público nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do TRLCSP.

#### **26. Penalidades por incumprimento.**

Cando o contratista, por causas imputables a el, incorra en mora respecto ao cumprimento do prazo total, estarase ao disposto no artigo 212 do TRLCSP:

As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, se houber un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se lle deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíse, cando non poidan ser deducidas das mencionadas certificacións.

#### **27. Resolución do contrato.**

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 237 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

#### **28. Réxime xurídico do contrato.**

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, a falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente

---

### **Concello de Láncara**

para resolver as controversias que xurdan entre as partes do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

En Láncara, 16 de xuño de 2016

O alcalde

Darío A. Piñeiro López

Documento asinado electronicamente á marxe

## ANEXO I

### PROPOSTA DE MELLORA NAS OBRAS DO PLAN MARCO 2016, MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS, NO CONCELLO DE LÁNCARA

As obras de mellora están priorizadas, polo tanto, a orde de prioridade é a que aparece nesta relación de traballos a realizar, e a puntuación irase acumulando a medida que se engada unha nova obra de mellora respectando a prioridade citada.

#### **Primeira:** Camiño en VILALEO

Mellora consistente en: Limpeza e mellora de cunetas ao longo de 513,15 metros lineais de pista municipal (en ambas marxes), coincidentes coa obra realizada segundo o proxecto técnico do PM 2016, que comezan na intersección entre a estrada autonómica Lu 621, e se prolongan os metros citados en dirección Monte de Lamagrande.

#### **Segunda:** Camiño en Oleiros

Mellora consistente en: Limpeza e mellora de cunetas ao longo de 710 metros lineais de pista municipal (en ambas marxes), coincidentes coa obra realizada segundo o proxecto técnico do PM 2016, que comezan e rematan no propio interior do núcleo de Oleiros.

#### **Terceira:** Camiño de A Lama a cruce do Carballal

Mellora consistente en: Limpeza e mellora de cunetas ao longo de 735 metros lineais de pista municipal (en ambas marxes), coincidentes coa obra realizada segundo o proxecto técnico do PM 2016, que comezan no cruce do Carballal, e se prolongan os metros citados en dirección a A Lama.

#### **Cuarta:** Camiño en Quintela, Trasliste

Mellora consistente en: Reparación da marxe esquerda en dirección ao interior do núcleo, do camiño local interior de Quintela de Trasliste, na entrada este desde a estrada provincial de Bande a Vilarello, no lugar coñecido como "O Rego" (punto máis baixo do pobo). A reparación consistirá en consolidar con formigón a cuneta desa marxe esquerda (subindo) nunha lonxitude de 50 metros lineais.

En Láncara, 16 de xuño de 2016

O alcalde



Darío A. Piñeiro López

Documento asinado electronicamente á marxe

---

**Concello de Láncara**

Rúa Rosalía de Castro nº 17, A Pobra de San Xiao, Láncara. 27360 Lugo. Tfno. 982543077. Fax:  
982543357